

# Causas e consecuencias do cambio climático por rexión

## Europa




Causa principal: Emisións industriais e transporte.

Consecuencias:

- O aumento das temperaturas fai que os glaciares dos Alpes se derritan rapidamente.
- Inundacións frecuentes debido ás chuvias intensas en países como Alemaña ou o Reino Unido.
- Perda de biodiversidade por cambios nos ecosistemas.

## América do norte




Causa principal: Uso masivo de combustibles fósiles.

Consecuencias:

- Furacáns máis fortes e frecuentes no Golfo de México.
- Incendios forestais devastadores en California e Canadá.
- Aumento do nivel do mar que ameaza cidades costeiras como Miami.

## América do sur



Causa principal: Deforestación e agricultura intensiva.

Consecuencias:

- Tala masiva da Amazonía, coñecida como "o pulmón do planeta," provoca perda de hábitats e afecta á regulación do CO<sub>2</sub>.
- Perda de ríos e fontes de auga debido á diminución da humidade provocada pola deforestación.
- Secas severas en rexións como o Gran Chaco

## África




Causa principal: Desertificación e uso de madeira como enerxía.

Consecuencias:

- Expansión do deserto do Sáhara, que invade terras fértiles.

- Escaseza de alimentos debido á perda de chans cultivables.
- Migración masiva de comunidades que perden os seus fogares por secas extremas.

## Asia




Causa principal: Producción industrial e urbanización.

Consecuencias:

- Inundacións e ciclóns devastadores en países como India e Bangladesh debido ao aumento do nivel do mar.
- Smog e contaminación extrema en cidades como Pequín.
- Redución dos glaciares no Himalaia, que ameaza os ríos que abastecen millóns de persoas.

## Oceanía



Causa principal: Actividade mineira e transporte.

Consecuencias:

- O branqueamento da Gran Barreira de Coral debido ao quecemento das augas.

- Illas do Pacífico, como Tuvalu, están sendo inundadas polo aumento do nivel do mar.
- Incendios forestais masivos en Australia que destrúen vastas extensións de territorio.

## Antártida



Causa principal: Impacto global no desxeo.

Consecuencias:

- Derrube de plataformas de xeo que aumentan o nivel do mar en todo o planeta.
- Pérdida de hábitat para especies como os pingüíns e focas.
- Cambios nas correntes oceánicas que afectan o clima global.

## Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 1: Fobos92 . [Mapa Mundi divisiones blanco CC-BY-SA 4.0](#)



“Causas e consecuencias do cambio climático por rexión”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)